

CS Patronaxe e moda

Ciclo formativo de grao superior

NOVA FP

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Elaborar os patróns e as escalaxes axustados ao deseño dos compoñentes dos artigos, e organizar e xestionar tecnicamente os procesos de produción, todo isto na área da confección industrial, actuando baixo normas de boa práctica, así como de seguridade laboral e ambiental.

Onde se realiza o traballo? No sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaria, en pequenas, medianas e grandes empresas, sea por conta allea ou propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.

En que postos de traballo? Deseñador técnico/a de patronaxe con CAD/CAM. Deseñador técnico/a de confección con CAD/CAM. Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i). Técnico/a en desenvolvemento do produto. Encargado/a de oficina técnica. Modelista-patronista de peletaría. Modelista-patronista de prendas de vestir. Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras. Patronista-escalador de prendas de vestir. Técnico/a en confección industrial. Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro. Técnico/a en control de calidade de confección. Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro. Técnico/a de organización. Xefe/a de fabricación. Xefe/a de calidade. Xefe/a de sección. Xefe/a de equipo.

Cales son os módulos deste ciclo?

Módulos	Horas
Análise de deseños en téxtil e pel	87
Elaboración de prototipos	157
Empresa e iniciativa emprendedora	53
Formación e orientación laboral	107
Formación en centros de traballo	384
Industrialización e escalaxe de patróns	141
Materiais en téxtil, confección e pel	187
Moda e tendencias	80
Organización da produción en confección industrial	87
Patronaxe industrial en téxtil e pel	266
Procesos en confección industrial	133
Proxecto de patronaxe e moda	26
Técnicas en confección	187
Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental	105

Que título se obtén? Técnico superior en patronaxe e moda.

A que outros estudos se pode acceder? Acceso directo aos estudos universitarios de grao e a outro ciclo formativo de grao superior.